



TERRA DE LEMOS > **O Saviñao**

Veciñanza acusa o alcalde de prevaricar cun parque eólico

Redacción | Nós Diario

A Fiscalía Provincial de Lugo recibiu un escrito presentado por varias persoas do municipio para que investiguen o alcalde da localidade. En concreto solicitan que actúe Anticorrupción e Antifraude por unha mediación relacionada cunha posíbel mediación entre o alcalde do Saviñao, Juan Carlos Armesto (PP), e promotores dos parques eólicos Ferroedo e Neboreiro.

Segundo a documentación remitida, parte desa mediación desenvolveuse no despa-

cho do propio alcalde, algo que podería constituír os delitos de suborno, prevaricación, tráfico de influencias e negociacións prohibidas. Aseguran que influíron nunha familia para que asinara o contrato malia estar moi perto dos futuros eólicos.

O escrito tamén sinala a participación doutros cargos públicos do PP, como os concelleiro e ex alcalde, Joaquín González, e a segunda tenente de alcalde de Bóveda, Cristina Juiz. No documento sinálase que mesmo podería haber un interese económico, neste caso, se se aprobaran os parques eólicos.